



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIVEIRA O DÍA 29 DE AGOSTO DO 2019.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D. Víctor Reiriz Lampón D^a. Juana María Brión Santamaría D^a Elvira Pereira Ageitos D. Ramón José Doval Sampedro	Interventor acctal.: D. Jorge González Mariño Secretario acctal.: D. José Martínez de Llano Orosa Membros que non asisten: -----
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día oito de agosto do dous mil dezanove, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación.

II.- CONTRATACIÓN.

**1.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO
“RENOVACIÓN DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO DE SIRVES (OLVEIRA)”.**

Expediente: 2019/C_ OB000022

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“RENOVACIÓN DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO DE SIRVES (OLVEIRA)”**, cun orzamento total de licitación de 54.817,07 euros (orzamento base: 45.303,36 euros; IVE 21%: 9.513,71





euros), e cun prazo de execución de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 45.303,36 euros).

A actuación está financiada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia segundo notificación de concesión de subvención (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 13/05/2019 co número 6.575), ditada ó abeiro da orde do 18 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas aos concellos de Galicia para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. (DOG do 31/12/2018, núm. 248).

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2019, aproboise por decreto da alcaldía da data 13/06/2019.

O expediente de contratación (por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación, prezo máis baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 63202, aprobáronse por decreto da alcaldía da data 18/06/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito á oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas, de forma completa, a través da Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira, as seguintes empresas:

1. ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO
2. ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
3. DIGAR DE ARTES, S.L.
4. MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.
5. CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.
6. HIRPANEL DEL NORTE, S.L.
7. INCOR SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.U.
8. MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.
9. BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
10. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
11. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
12. COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, S.L.

Na data 11/07/2019, a Mesa de contratación procedeu á apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)
ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	CORRECTA	40.996,45 €
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	CORRECTA	35.427,23 €
DIGAR DE ARTES, S.L.	CORRECTA	42.150,00 €
MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.	CORRECTA	34.993,46 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	43.000,00 €
HIRPANEL DEL NORTE, S.L.	CORRECTA	44.897,35 €
INCOR SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.U.	CORRECTA	44.000,00 €





MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	CORRECTA	36.415,50 €
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	41.048,83 €
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	CORRECTA	38.818,00 €
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	CORRECTA	41.308,49 €
COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	CORRECTA	40.790,00 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores: “Arines Obras y Proyectos, S.L.”, “Marqués de Marancán, S.L.” e “Mecano Obras y Reformas, S.L.”, deben ser consideradas, en principio, como anormalmente baixas, a Mesa, na súa mesma reunión da data 11/07/2019, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo de 3 días hábiles xustificasen a súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos das xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormalmente baixas, realizáronse na data 09/08/2019.

Dentro do prazo concedido, presentaron documentación xustificativa da súas respectivas ofertas económicas, a través Plataforma de Contratación do Concello de Riveira, as empresas “Marqués de Marancán S.L.” e “Mecano Obras y Reformas, S.L.”

Non consta, que a empresa “Arines Obras y Proyectos, S.L.” presentase documentación algunha para a xustificación da súa oferta económica.

Con data 26/08/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Renovación da cuberta do polideportivo de Sirves (Olveira)”*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:

Na documentación presentada por Marqués de Marancán, S.L. e por Mecano Obras y Reformas, S.L. expoñen os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

A empresa Arines Obras y Proyectos, S.L. non presentou documentación para xustificar a súa oferta.”

E segundo o exposto propón *“aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada polas empresas Marqués de Marancán, S.L. e Mecano Obras y Reformas, S.L. e excluír á empresa Arines Obras y Proyectos, S.L.”*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 28/08/2019.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/08/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas consideradas, en principio, como anormalmente baixas, **EXCLUÍR da licitación á empresa “Arines Obras y Proyectos ,**





S.L.”, por non presentar documentación para xustificar a súa oferta.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Renovación da cuberta do polideportivo de Sirves (Olveira)”, do seguinte xeito:**

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	34.993,46 €
2	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	36.415,50 €
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	38.818,00 €
4	COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	40.790,00 €
5	ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	40.996,45 €
6	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	41.048,83 €
7	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	41.308,49 €
8	DIGAR DE ARTES, S.L.	42.150,00 €
9	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	43.000,00 €
10	INCOR SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.U.	44.000,00 €
11	HIRPANEL DEL NORTE, S.L.	44.897,35 €

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **requirir á empresa “Marqués de Marancán S.L.”**, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, **presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

2.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DO PAVIMENTO DE BEIRARRÚAS E CALZADA NUN TRAMO DE AVENIDA RAMIRO CARREGAL REY. POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS”.

Expediente: 2019/C_OB000020

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“RENOVACIÓN DO PAVIMENTO DE BEIRARRÚAS E CALZADA NUN TRAMO DE AVENIDA RAMIRO CARREGAL REY. POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS”**, cun orzamento total de licitación de 119.600,08 euros (orzamento base: 98.843,04 euros; IVE 21%: 20.757,04 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 98.843,04 euros).





A actuación está financiada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia segundo notificación de concesión de subvención (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2019 co número 7.202), ditada ó abeiro da orde do 17 de decembro de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2019 (código procedemento IN519B) (DOG Nº 7, do 10/01/2019).

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2019, aprobouse por decreto da alcaldía da data 13/06/2019.

O expediente de contratación (por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación, prezo máis baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61904, aprobáronse por decreto da alcaldía da data 18/06/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito á oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romy, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas, de forma completa, a través da Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira, as seguintes empresas:

1. ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO
2. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
3. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.
4. CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS S.L.
5. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
6. CANARGA S.L.
7. EXCAVACIONES NIMA, S.L.
8. ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
9. EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.
10. SONDEOS PORZUNA S.L.
11. MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.
12. BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
13. CONSTRUCCIONES ANSPAL S.L.
14. SESTRAMA IBERICA S.L.
15. NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
16. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
17. ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.
18. COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L.
19. AUDECA S.L.U.
20. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.
21. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
22. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
23. INCOR SOLUCIONES INTEGRALES S.L.U.
24. CETA CONTRATAS S.L.
25. SERGONSA SERVICIOS S.L.
26. MECANO OBRAS Y REFORMAS S.L.
27. BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.
28. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.
29. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS S.L.





30. VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA S.L.

Na data 19/07/2019, a Mesa de contratación procedeu á apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)
ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	CORRECTA	85.166,29 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	CORRECTA	74.023,54 €
TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	CORRECTA	86.635,93 €
CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS S.L.	CORRECTA	80.764,65 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	CORRECTA	80.171,59 €
CANARGA S.L.	CORRECTA	81.119,83 €
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	79.887,95 €
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	CORRECTA	70.287,29 €
EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	CORRECTA	77.591,78 €
SONDEOS PORZUNA S.L.	CORRECTA	81.160,02 €
MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.	CORRECTA	67.495,85 €
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	CORRECTA	81.167,51 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL S.L.	CORRECTA	70.000,00 €
SESTRAMA IBERICA S.L.	CORRECTA	82.039,73 €
NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	CORRECTA	71.394,33 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	CORRECTA	82.504,29 €
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	CORRECTA	79.707,03 €
COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L.	CORRECTA	75.250,00 €
AUDECA S.L.U.	CORRECTA	89.255,27 €
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	CORRECTA	78.800,00 €
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	CORRECTA	71.769,93 €
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	CORRECTA	73.051,06 €
INCOR SOLUCIONES INTEGRALES S.L.U.	CORRECTA	72.000,00 €
CETA CONTRATAS S.L.	CORRECTA	81.901,34 €
SERGONSA SERVICIOS S.L.	CORRECTA	75.751,00 €
MECANO OBRAS Y REFORMAS S.L.	CORRECTA	73.947,50 €
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	CORRECTA	85.319,53 €
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	CORRECTA	74.851,05 €
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS S.L.	CORRECTA	79.778,25 €
VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA S.L.	CORRECTA	80.507,66 €

Este acto intentouse realizar pola Mesa de Contratación, na data 11/07/2019, e non foi posible realizalo debido a que a plataforma de contratación do Concello de Riveira presentaba problemas técnicos. Postos en contacto co soporte da plataforma, este comunicou a imposibilidade de realizar dito acto ata solucionar as deficiencias atopadas.

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores: “Arines Obras y Proyectos, S.L.”, “Marqués de Marancán S.L.” e “Construcciones Anspal, S.L.” deben ser consideradas, en principio, como anormalmente baixas, a Mesa, na súa mesma reunión da data 19/07/2019, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo de 3 días hábiles xustificasen a súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos das xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormalmente baixas, realizáronse nas datas 09/08/2019 e 11/08/2019.





Dentro do prazo concedido, presentou documentación xustificativa da súa oferta económica, a través Plataforma de Contratación do Concello de Riveira, a empresa “Marqués de Marancán, S.L.”

Non consta, que as empresas “Arines Obras y Proyectos, S.L” e “Construcciones Anspal, S.L.” presentasen documentación algunha para a xustificación das súas respectivas ofertas económicas.

Con data 26/08/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Renovación do pavimento de beirarrúas e calzada nun tramo da Avenida Ramiro Carregal Rey. Polígono industrial de Xarás”, no que conclúe que:*

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:

Na documentación presentada por Marqués de Marancán, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

As empresas Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones Anspal, S.L. non presentaron documentación para xustificar a súa oferta.”

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Marqués de Marancán, S.L. e excluír ás empresas Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones Anspal, S.L. do proceso de licitación.”

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 28/08/2019.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/08/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas consideradas, en principio, como anormalmente baixas, **EXCLUÍR da licitación ás empresas “Arines Obras y Proyectos, S.L.” e “Construcciones Anspal, S.L.”**, por non presentar documentación para xustificar a súa oferta.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Renovación do pavimento de beirarrúas e calzada nun tramo da Avenida Ramiro Carregal Rey. Polígono industrial de Xarás”, do seguinte xeito:**

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.	67.495,85 €
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	71.394,33 €
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	71.769,93 €
4	INCOR SOLUCIONES INTEGRALES S.L.U.	72.000,00 €





5	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	73.051,06 €
6	MECANO OBRAS Y REFORMAS S.L.	73.947,50 €
7	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	74.023,54 €
8	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACION Y VIALES S.L.	74.851,05 €
9	COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L.	75.250,00 €
10	SERGONSA SERVICIOS S.L.	75.751,00 €
11	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	77.591,78 €
12	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	78.800,00 €
13	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	79.707,03 €
14	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS S.L.	79.778,25 €
15	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	79.887,95 €
16	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	80.171,59 €
17	VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA S.L.	80.507,66 €
18	CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS S.L.	80.764,65 €
19	CANARGA S.L.	81.119,83 €
20	SONDEOS PORZUNA S.L.	81.160,02 €
21	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	81.167,51 €
22	CETA CONTRATAS S.L.	81.901,34 €
23	SESTRAMA IBERICA S.L.	82.039,73 €
24	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	82.504,29 €
25	ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	85.166,29 €
26	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	85.319,53 €
27	TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	86.635,93 €
28	AUDECA S.L.U.	89.255,27 €

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **requirir á empresa “Marqués de Marancán S.L.”**, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, **presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Miguel Muñiz Ventoso**, de datas 10/01/2018 e 24/05/2019 (Rexistros de entrada nº 352 e 7.288), nos que solicita licenza de obras construción de muro de contención sobre o fronte de parcela con refª catastral nº 15074A017007070000KW sita no lugar da Mámoa, Estrada a Laxes, Carreira, Riveira, e na que se está a executar una vivenda unifamiliar amparada na licenza de obra nº 38/16.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital o día 18 de xullo de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/08/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Miguel Muñiz Ventoso **LICENZA DE OBRA (Nº 27/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN** sobre o fronte de parcela con refª catastral nº 15074A017007070000KW sita no lugar da Mámoa, Estrada a Laxes, Carreira, Riveira nos termos do Proxecto Básico de maio de 2019, Planos modificados A-04, A-05, A-06 redactados polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*
- *Respetarase obrigatoriamente a aliñación establecida no Plan Xeral de Ordenación Urbana e sinalada na licenza de obra nº 38/16 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de xuño de 2016.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).





CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.





- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.





- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **Lorenzo Coya Zapata**, de datas 30/05/2018, 19/11/2018, 14/01/2019 e 31/07/2019 (Rexistros de entrada nº 7.929, 16.461, 500 e 10.886), nos que solicita licenza de obras para demolición existente e posterior construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta, no lugar de Deán Pequeno nº 35, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0425701NH0102N0001OI.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en relación á demolición e a posterior licenza de obra, con sinatura dixital os días 4 de xuño de 2019 e 2 de agosto de 2019 respectivamente, visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira o día 22 de agosto de 2019, vista a resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinada digitalmente o día 13 de xuño de 2019 pola xefa do servizo Sra. Rosario Fernández-Albalat Ruiz, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/08/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Lorenzo Coya Zapata **LICENZA DE OBRAS (Nº 28/19)** para **DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** sita no lugar de Deán pequeno nº 35, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0425701NH0102N0001OI nos termos do Proxecto de demolición visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos o día 16 de maio de 2018 redactado polo Sr. Eugenio Torreira Pais (arquitecto col. 2.865):

- *Deberá adecuarse íntegramente á resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinada digitalmente o día 13 de xuño de 2019 pola xefa do servizo Sra. Rosario Fernández-Albalat Ruiz.*

SEGUNDO.- A demolición iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.





TERCEIRO.- CONCEDER ao Sr. Lorenzo Coya Zapata **LICENZA DE OBRAS (Nº 29/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA** no lugar de Deán pequeno nº 35, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0425701NH0102N00010I nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 7 de novembro de 2018, Proxecto Básico Modificado e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 9 de xaneiro de 2019, Ficha urbanística visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 30 de xullo de 2019 redactados polo Sr. Eugenio Torreira Pais (arquitecto col. 2.865):

- *Deberá adecuarse íntegramente á resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinada digitalmente o día 13 de xuño de 2019 pola xefa do servizo Sra. Rosario Fernández-Albalat Ruiz.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 29,50 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 892,38 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***

CUARTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

QUINTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

SEXTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*





- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SÉTIMO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do





Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





3.- Vistos os escritos presentados por **José Manuel Pego Pérez**, de datas 12/06/2018 e 08/08/2019 (Rexistros de entrada nº 8.255 e 10.917), nos que solicita licenza de obras para substitución de cuberta de vivenda unifamiliar existente sita no lugar de Vilanova nº 90, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A001001460000KE.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital o día 8 de agosto de 2019 respectivamente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/08/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. José Manuel Pego Pérez **LICENZA DE OBRAS (Nº 30/19)** para **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** sita no lugar de Vilanova nº 90, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A001001460000KE nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 4 de xuño de 2019 redactado polo Sr. Andrés Fernández Fuentes, (arquitecto técnico):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*





- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A





contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





4.- Vistos os escritos presentados por **Beatriz Fernández García**, de datas 10/07/2018 e 17/07/2019 (Rexistros de entrada nº 10.003 e 10.320), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, sita na Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 48, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8785306MH9088S0001YP.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital o día 18 de xullo de 2019 respectivamente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/08/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Beatriz Fernández García **LICENZA DE OBRAS (Nº 31/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** sita na Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 48, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8785306MH9088S0001YP, nos termos do Proxecto Básico de xuño de 2019 redactado por Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*





- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do





Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





5.- Vistos os escritos presentados por **Yago Fernández Novoa**, de datas 26/07/2018 e 02/08/2019 (Rexistros de entrada nº 10.704 e 10.961), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, no lugar de Campos Arriba, s/n, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A01400575000KR.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de data 2 de agosto de 2019 e visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 27 de agosto de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/08/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Yago Fernández Novoa **LICENZA DE OBRAS (Nº 32/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de Campos Arriba, s/n, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A01400575000KR, nos termos Proxecto Básico de xullo de 2019 así como do Plano G-01 Situación e Emprazamento redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 19,40 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 1.119,20 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Materia e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30





centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*





- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade,*





seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **César Blanco Alborés**, de data 07/08/2019 (Rexistro de entrada nº 11.193), no que solicita certificado de non existencia de expediente de reposición de legalidade urbanística sobre a parcela situada en Rúa do Rabelo, 43, Lugar de Martín, Riveira (Refª catastral nº 002102400NH01A0001IT).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/08/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o día da data, infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 002102400NH01A0001IT, sita na Rúa do Rabelo nº 43, Lugar de Martín, Riveira, propiedade do Sr. César Blanco Alborés (DNI 33.272.556-C).

2.- Visto o escrito presentado por **José Miguel Ruiz Rivas**, de data 19/08/2019 (Rexistro de entrada nº 11.548), no que solicita certificado de non existencia de expediente de reposición de legalidade urbanística sobre a vivenda situada en Gándara, 39, Palmeira, Riveira (Refª catastral nº 15074A007003840000KD).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/08/2019, ausentándose da sala o Sr. Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, en virtude do art. 76 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, e por unanimidade dos demais membros presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o día da data, infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda sita na Rúa Gándara nº 39, Coroso, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A007003840000KD, propiedade do Sr. José Miguel Ruiz Rivas (DNI 52.450.152-D).





3.- Visto o escrito presentado por **Xerardo S. Tarrío Calvo**, de data 20/08/2019 (Rexistro de entrada nº 11.652), no que solicita modificación de acordo adoptado en data 26/07/2019 en relación con parcela situada en Rúa Francisco Lorenzo Mariño, 48, Aguiño.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 28/08/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Presentados os Servizos Técnicos Municipais no lugar, se constata que o ancho entre fachadas na dita rúa é de 13,20 m. No PXOM está previsto un vial de 12 m de ancho no mesmo lugar.

Así mesmo, comprobadas as coordenadas UTM extraídas para a parcela con referencia catastral 8785306MH9088SOOO1YP e superpoñéndoo á cartografía do PXOM de Riveira, obsérvase que as medicións realizadas polo Técnico D. Xerardo S. Tarrío Calvo, según constan nos seus informes de data 27 de maio de 2019, respectan o vial público ao que ten fronte, polo que non hai invasión do mesmo.

Polo exposto anteriormente, conclúese que a finca arriba referenciada non ocupa nin invade a vía pública.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe presentado pola **Concelleira Delegada de Educación**, Juana Brión Santamaría, de data 28/08/2019, relativo ás accións que se van a levar a cabo na Biblioteca, Dinamización Lingüística e Educación nos meses de setembro e outubro de 2019.

DACIÓN DE CONTA DA RECADACIÓN VOLUNTARIA HABIDA NO 1º TRIMESTRE (2019) DO CENSO FISCAL DE AUGA, LIXO, SANEAMENTO, CANON S. XUNTA E I.V.E.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do listado de Tesourería-Recadación Voluntaria **“Padrón Auga, Lixo, Saneamento, Canon S. Xunta e I.V.E. (Trimestre 1/2019)”**, de data 26/08/2019, asinado polo Interventor e o Tesoreiro acctal., co seguinte cadro resumo:

PERIODO	CONCEPTO	CARGO	BAIXAS XUST.	RECADADO	REL. DEBEDORES	SUSPENS.
1T/2019	Auga	351.013,35 €	6.871,04 €	328.069,78 €	16.072,53 €	
1T/2019	Lixo	404.265,15 €	82,90 €	374.568,02 €	29.614,23 €	
1T/2019	Saneamento	103.700,82 €	2.293,83 €	96.277,14 €	5.129,85 €	
1T/2019	I.V.E. Auga	35.104,47 €	687,11 €	32.809,72 €	1.607,64 €	
1T/2019	I.V.E. Saneamento	10.352,99 €	229,40 €	9.610,65 €	512,94 €	
1T/2019	Recargo de apremio	€	€	2,01 €	€	
1T/2019	Canon Auga Xunta	133.632,90 €	6.348,25 €	118.145,00 €	9.139,65 €	
	TOTAL	1.038.069,68 €	16.512,53 €	959.462,32 €	62.076,84 €	- €
		100,00%	1,59%	92,43%	6,98%	0,00%
				93,92%		

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE COMPRAVENDA DE LOCAL UBICADO NA AVENIDA DOS AIRÓS (TOURO), PROPIEDAD DA ENTIDADE “OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.” PARA A INSTALACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO “PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR”.

En relación ao asunto de referencia con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

1º Na data 24 de xuño do 2019, o Alcalde dita Providencia na que fai constar o seguinte:

“Na Avenida dos Airós, concretamente no bloque nº 2B.1 da Urbanización Fontán (O Touro), ubícase un local en planta baixa, cuxas características fan que sexa idóneo ás necesidades deste Concello, tal e como dispón o arquitecto municipal en informe emitido na data 23/04/2019: “O local en planta baixa, e emprazado no bloque nº 2B.1 da urbanización Fontán/Avenida dos Airós (O Touro), que se pretende





comprar con destino a local de "PUNTO DE ENCONTRO", (dependente da Administración de Xustiza) ven a cubrir unha clara necesidade social, que evita ter que alugar locais das características que se adapten as circunstancias que se nos apuntan desde a Consellería de Política Social (Xunta de Galicia). O local ten a seguinte referencia catastral: 11109B6NH0101S0003YQ, e conta cunha superficie construída de 123 m2, aproximadamente. As dimensións do local, e a súa ubicación, así como a existencia de zona de aparcamento, confiren ao mesmo unha opción vantaxosa de cara a resolver a necesidade social que se demanda a día de hoxe. Pola natureza da operación (inversión inmobiliaria) trátase dunha operación financeiramente sostible segundo o establecido no Real Decreto-lei 10/2019, do 29 de marzo, polo que se prorroga para o 2019 o destino do superávit das corporacións locais para inversións financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo de estas. Estímase que a inversión a efectuar garante que nos próximos 5 anos se reduciría o gasto de aluguer de locais destas características para a demanda actual existente. Gastos de aluguer nos próximos 5 anos, e que se van a eliminar coa inversión da presente operación de compra: Ano 1: 24.000 euros; Ano 2: 24.000 euros; Ano 3: 24.000 euros; Ano 4: 24.000 euros; Ano 5: 24.000 euros. Total 5 anos: 120.000 euros. Desta forma considerase sobradamente xustificada a inversión a realizar, e que terá unha vida útil moi superior a 5 anos, debido ao estado actual da edificación."

A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de compravenda do local antes referido, incorporando ao expediente o informe emitido na data 23/04/2019 polo arquitecto municipal antes citado.

2º Consta no expediente informe emitido na data 15/04/2019 polo arquitecto municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, no que valora o inmovible que se pretende adquirir na contía de 80.490,71 euros.

3º Así mesmo, consta no expediente informe de idoneidade da parcela, emitido polo arquitecto municipal na data 12/07/2019.

4º Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, recadou se a documentación referida ao citado inmovible: datos catastrais e títulos de propiedade.

5º Tamén consta no expediente nota simple informativa de data 25/06/2019, solicitada ao Rexistro da Propiedade de Noia mediante oficio da alcaldía de data 24/06/2019.

6º Na data 27/08/2019, o interventor municipal accidental, Jorge González Mariño, emite informe no que fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal para a realización da compra pretendida, en concreto na aplicación orzamentaria 933.62204.

Así mesmo, fai constar que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente para o exercicio 2019 ascenden a 1.904.010,83 €.





LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Código Civil.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 9.1º do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 RB, atopamos a adquisición a título oneroso que pode ter lugar por medio de contrato (compravenda, permuta...) ou a través de expropiación forzosa.

A adquisición por medio de contrato ven regulada no artigo 11 RB, que se remite á normativa de contratación das Corporacións Locais, e esixe de xeito específico, cando se trate da adquisición a título oneroso de bens inmoables, as seguintes actuacións formais:

a) Informe pericial previo, en todo caso de adquisición de inmovible, no que non só debe valorarse o ben, senón tamén xustificar a razón da conveniencia da súa adquisición.

b) Informe do órgano autonómico competente, en caso de inmoables de valor histórico ou artístico, cuxo valor de adquisición exceda do 1 por cen dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

É necesario tramitar o correspondente expediente de adquisición.

De conformidade coa Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.





Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisicións de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso por medio dun contrato de compravenda, do inmovible que se describe a continuación:

Descrición: LOCAL sito na planta baixa, destinado a fins comerciais, industriais ou calquera outro lícito, dun edificio, primeira fase, Bloque B.2.1., na parcela número 9 do Proxecto de Compensación do Área de Reparto do Solo Urbanizable (S.U.Z. 4), denominado "DE FONTÁN", no municipio de Riveira, que ocupa a superficie útil aproximada de 123,56 metros cadrados. Linda, segundo se lle mira desde a rúa: fronte, Este, por onde ten a súa entrada, terraza desta planta; dereita, terreo non edificado e rampla de acceso ao soto; esquerda, portal e vestíbulo do edificio e núcleo da escaleira 2, por onde tamén pode ter acceso; e de costas, pasillo que comunica coa escaleira 2 e terreo non edificado. Ten como anexo: unha porción da terraza existente en planta baixa, duns 31,65 metros cadrados útiles; que linda, segundo se lle mira desde a rúa de nova apertura: fronte, Este, por onde ten acceso, dita rúa; dereita, Norte, terreo non edificado; esquerda, Sur, cuberta da planta de soto; e de costas, por onde tamén pode ter entrada, o local do que é anexo."

Titulares do inmovible: Obras y Servicios Lijó, S.L., con CIF B-15970692, 100% do pleno dominio.

Título: Permuta, en virtude da escritura outorgada o día 15/11/2018, ante o Notario de Riveira D^a M^a Covadonga Vázquez López, número 961 do seu protocolo.

Inscrición: Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Folio 46 do Tomo 1442 do Arquivo, Libro 427 de Riveira, finca número 36.550.

Referencia catastral: 11109B6NH0101S0003YQ.

Natureza da finca: Urbana.

Cargas: Embargo a favor da Deputación da Coruña, en reclamación de 10.711,50 euros de principal, 2.142,31 euros de recargo, 826,95 euros de intereses e 1.800 euros de costas devengadas, habéndose ingresado a conta a cantidade de 940,25 euros; segundo expediente administrativo 2017EXP35013484, seguido no Servizo Provincial de Recadación Zona 03 de Santiago de Compostela da Deputación da Coruña. Anotado coa letra A, de data 2 de maio do 2019.





Polo tanto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas.

TERCEIRO.- En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe pericial emitido na data 15 de abril de 2019 polo arquitecto municipal, no que se valora o inmovible do que se pretende a súa adquisición nun total de 80.490,71 €.

En informe emitido na data 27/08/2019, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

CUARTO.- En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmoables, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

A estes efectos, a adquisición dun ben inmovible é un contrato que ten carácter privado da Administración e réxese pola lexislación patrimonial, como así resulta dos artigos 4 e 9 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. A referida lei prevé que teñen a consideración de negocios e relacións xurídicas excluídos do ámbito da mesma *“Los contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamiento y demás negocios jurídicos sobre bienes inmuebles, valores negociables y propiedades incorpóreas, a no ser que recaigan sobre programas de ordenador y deban ser calificados como contratos de suministro o servicios, que tendrán siempre el carácter de contratos privados y se regirán por la legislación patrimonial.”* E a lexislación patrimonial aplicable ás Entidades Locais na Comunidade Autónoma de Galicia está constituída polos preceptos básicos da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e do Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, os preceptos relativos ao Patrimonio da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (que no caso da adquisición de bens a título oneroso tamén se remite á normativa reguladora da contratación), e con carácter supletorio, os preceptos non básicos da Lei 33/2003 e do seu Regulamento e polo Real 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o RB antes referido.

Así, e con relación ao procedemento, soamente procede a adquisición directa nos supostos seguintes: polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben (artigo 116.4 da Lei 33/2003).

Igualmente, poderá acordarse a adquisición directa nos seguintes supostos:





- a) Cando o vendedor sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
- b) Cando fora declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.
- c) Cando se adquira a un copropietario unha cuota do ben, en caso de condominio.
- d) Cando a adquisición se realice en virtude dun dereito de adquisición preferente.

No presente caso, no informe emitido na data 12 de xullo do 2019 polo arquitecto municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición e a especial idoneidade do ben que se pretende adquirir: *"Na Avenida dos Airós, nº 18, da Urbanización Fontán da parroquia e municipio de Riveira, concretamente na planta baixa do bloque 2.B.1. da citada urbanización, está situado un local libre, propiedade da entidade "OBRAS E SERVIZOS LIJÓ, S.L.", cuxa idoneidade ás necesidades a cubrir por este Concello xa foi posta de manifesto en informe emitido por min na data 23/04/2019. Así, o Concello de Riveira fai tempo que está na procura dun local no que se poida prestar o servizo denominado Punto de Encontro Familiar (PEF). Este, é un servizo que facilita o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e favorece o dereito dos menores a relacionarse con ambos proxenitores e coas súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio de dereito de visitas vese interrompido, ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo, garantindo a seguridade e o benestar dos nenos. Na zona da comarca do Barbanza, e en concreto no municipio de Riveira, existe unha elevada demanda de casos de proxenitores con fillos menores que teñen establecido un réxime de visitas tuteladas e supervisadas, o que os obriga a trasladarse ata Santiago de Compostela que é onde se atopa o Punto de Encontro Familiar máis próximo, e que tamén trae como consecuencia a saturación existente no PEF de Santiago. Ante isto, e como xa se puxo de manifesto, a Corporación Municipal ten entre os seus proxectos a adquisición dun local, que posteriormente se cedería á Consellería de Política Social, para a implantación do denominada PEF.*

O local antes referido, adáptase ás circunstancias que nos apuntan desde a Consellería de Política Social para a prestación do citado servizo, de feito, conta coa aprobación dos técnicos da citada Consellería. Ten a seguinte referencia catastral 11109B6NH0101S0003YQ, e conta cunha superficie construída de 123 m2, aproximadamente. As dimensións do local, e a súa ubicación, así como a existencia de zona de aparcamento, confiren ao mesmo unha opción vantaxosa de cara a resolver a necesidade social que se demanda a día de hoxe. Todas estas características fan que este inmovble sexa especialmente idóneo ao obxecto da súa adquisición polo Concello, o que imposibilita a adquisición doutro local e xustifica plenamente a imposibilidade de promover a concorrência de ofertas."; o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.

QUINTO.- O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación nin o importe de tres millóns,





segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acorda-la adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEXTO.- Cómpre facer referencia, no caso que nos ocupa, a que o inmovible do que se pretende a súa adquisición ten unha carga ou gravame, consistente nun embargo a favor da Deputación da Coruña, tal e como consta na nota simple informativa solicitada ao Rexistro da Propiedade de Noia, suposto no que hai que aplicar a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, aínda que realmente no ámbito local, é o artigo 12.2 do RB o que determina, aínda que respecto das adquisicións a título gratuito, que *“si la adquisición llevare aneja alguna condición o modalidad onerosa, solo podrán aceptarse los bienes previo expediente en el que se acredite que el valor del gravamen impuesto no excede del valor de lo que se adquiere.”*

No mesmo sentido, o artigo 16.2 do RD 1373/2009, do 20 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, determina que si as cargas e gastos foran superiores ao valor do ben ou dereito, o informe so será favorable cando existan razóns de interese público debidamente acreditadas e previa constatación da existencia de crédito suficiente para o abono ou asunción das cargas e gastos.

Tamén convén traer a colación a Disposición Adicional 8ª do RD 1373/2009 que dispón que *“para la tasación de un bien o derecho se tomará como valor de referencia el del mercado, con deducción en su caso de las cargas o gravámenes que le afecten. Para el cálculo de dicho valor se podrá atender a las definiciones y los principios recogidos en la normativa estatal del suelo, salvo que proceda acudir a criterios distintos a los señalados.”*

Por tanto, posto que a carga que recae sobre o ben é inferior ao valor do mesmo, non se aprecia inconveniente en realizar a adquisición. Pero haberá que ter en conta que o vendedor deberá cancelar a débeda coa Deputación Provincial da Coruña con carácter anterior ou simultáneo á adquisición do inmovible, ou ben que o Concello pague o importe do embargo existente a favor da Deputación da Coruña e llo desconte do prezo ao vendedor. De optar por esta vía, entendese que o Concello debe abonar á Deputación a débeda contraída pola entidade vendedora con anterioridade á formalización da compravenda en escritura pública, co fin de que o ente provincial poida cancelar o embargo e o local se adquira polo Concello libre de cargas e gravames.

SÉTIMO.- Atopámonos tamén neste expediente, que a entidade propietaria do local cuxa adquisición se pretende, ten unha débeda co Concello de Riveira de 346,02 euros. A este respecto, tanto se a débeda co Concello é tributaria como se non o é, non hai ningún problema en compensar a débeda co importe do prezo que ten que pagar á entidade vendedora.





Así, o Código Civil contempla a compensación como unha forma de extinción das obrigas (artigo 1.156), e terá lugar cando dúas persoas, por dereito propio, sexan reciprocamente acreedoras e debedoras a unha da outra (artigo 1.195).

O artigo 1.196 do Código Civil dispón que para que proceda a compensación é preciso:

1º Que cada un dos obrigados o estea principalmente, e sexa á vez acredor principal do outro.

2º Que ambas débedas consistan nunha cantidade de diñeiro, ou, sendo funxibles as cousas debidas, sexan da mesma especie e tamén da mesma calidade, se esta se designara.

3º Que as dúas débedas estean vencidas.

4º Que sexan líquidas e esixibles.

5º Que sobre ningunha delas haxa retención ou contenda promovida por terceiras persoas e notificada oportunamente ao debedor.

Polo exposto, e cumpridos estes requisitos, o Concello ten dereito a compensar a débeda co crédito, satisfacendo á entidade vendedora o importe que quede despois de compensar a débeda.

OITAVO.- Por último, débese ter en conta que este Concello ten coñecemento da existencia de débedas contraídas pola entidade vendedora “*Obras y Servicios Lijó, S.L.*” coa Tesourería Xeral da Seguridade Social por un importe de 48.440,14 euros, que lle foi notificado ao Concello o 26/03/2018, como notificación e mandamento a persoa ou entidade pagadora para o embargo dos créditos e dereitos do debedor “*Obras y Servicios Lijó, S.L.*” á Seguridade Social, e á que se fai referencia en oficio ditado pola Alcaldía de data 28/05/2019, no que se dispón: “*En relación con “Obras y Servicios Lijó, S.L.” (B15970692) os dereitos que puidesen devengarse serían destinados a atender un embargo de Tesorería General de la Seguridad Social ata cubrir o importe de 48.440,14 euros, que nos foi notificado o 26/03/2018.*”

Tamén lle foi notificado ao Concello unha notificación e mandamento para o embargo dos créditos da entidade “*Obras y Servicios Lijó, S.L.*”, de data 01/07/2019, por un importe de 92.741,54 euros.

Ambas notificacións se corresponden co expediente 15 05 17 00258513, tramitado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/08/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Proceder á realización do pago do importe do embargo existente a favor da Deputación Provincial da Coruña e co que se grava o inmovible cuxa





adquisición se pretende, **descontando a contía que corresponda do prezo final de venda do citado local**, xa que este ten como destino a prestación dun servizo público, co cal debe adquirirse libre de cargas e gravames, polo que, con anterioridade á formalización da compravenda en escritura pública, o citado local deberá quedar liberado do embargo a favor da Deputación Provincial da Coruña ao que se fai referencia no Fundamento de Dereito Segundo deste informe.

Segundo.- Adquirir o inmovible descrito no Fundamento Segundo deste informe, coa referencia catastral **11109B6NH0101S0003YQ**, propiedade da entidade “*Obras y Servicios Lijó, S.L.*” con CIF B-15970692, polo prezo total de 80.490,71 euros, do que se desconta o importe do embargo existente a favor da Deputación Provincial da Coruña abonado polo Concello.

Terceiro.- Proceder á compensación da débeda que a entidade vendedora ten con Concello de Riveira, e que deberá ser obxecto de actualización na data en que se formalicen as operacións oportunas, co importe do prezo que o Concello ten que pagar á entidade vendedora, unha vez descontado o importe do embargo antes referido.

Cuarto.- Reter a contía resultante, despois de realizadas as operacións anteriores, a fin de remitir os fondos embargados á Tesourería Xeral da Seguridade Social, en cumprimento das notificacións e mandamentos para o embargo dos créditos e dereitos da entidade “*Obras y Servicios Lijó, S.L.*” de datas 20/03/2018 e 01/07/2019, en relación ao expediente 15 05 17 00258513 tramitado por esa Administración.

Quinto.- O fin da adquisición deste inmovible é a súa cesión gratuíta á Consellería de Política Social para a implantación do denominado “*Punto de Encontro Familiar*”.

Sexto.- As partes vendedoras quedan obrigadas á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

Sétimo.- Incluír o inmovible adquirido no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez perfeccionada a súa adquisición.

Oitavo.- Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura da escritura pública de adquisición do ben inmovible, sendo por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda.

Noveno.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrals, segundo a lexislación hipotecaria.

Décimo.- Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolles que deberán comparecer no momento





en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 26/08/2019, en relación á solicitude de concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira presentada por XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX XXXXXXXX (Rexistro de entrada nº 11.832, de data 26/08/2019).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Pilar García Sampedro, de data 27/08/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a Hermosinda María Muñiz Sampedro unha axuda para renda social municipal de **399,00 €/mes**, durante seis meses como máximo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario acctal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario acctal.

José Martínez de Llano Orosa

